

PROPOÑÉMOSVOS UN RETO COMO CENTRO EDUCATIVO

A **Semana de Acción Mundial pola Educación (SAME)** é unha iniciativa que busca concienciar e mobilizar a comunidade educativa arredor do dereito a unha educación inclusiva, equitativa e de calidade para todas as persoas.

Este ano o tema é **"Educación dixital en contextos de emerxencia"**, e convídanos a reflexionar sobre como garantir que a aprendizaxe continúe activa e accesible durante situacións de emerxencia —xa sexan conflitos, desastres naturais, pandemias ou cortes de conectividade—, utilizando os medios dixitais de forma xusta e sostible.

Por iso o reto é crear un **punto de conexión SAME 2026**.

O obxectivo é promover a reflexión colectiva sobre o papel da educación e a tecnoloxía en tempos de emerxencia, fomentando o compromiso do alumnado coa defensa do dereito a aprender en calquera circunstancia.

Ademais, búscase darlle visibilidade ás voces do alumnado mediante unha instalación visual colaborativa no centro educativo.

Primeiro paso: Escoller un espazo no centro

Este ano, baixo o lema **"Acción pola educación"**, queremos pensar en como pode a escola manterse activa cando xorden crises ou emerxencias e en como as conexións —dixitais, humanas e solidarias— axudan a garantir que a aprendizaxe nunca se deteña.

Busca un lugar onde poder darlle visibilidade ao proxecto. Pode ser a entrada do centro, un recuncho que teña moito significado para o alumnado e o profesorado ou para o propio centro, un espazo de paso moi visitado por familias ou outro lugar que consideredes apropiado para darlle visibilidade ás aprendizaxes da SAME 2026.

Este será o punto de conexión SAME 2026, onde se amosará o mapa e as achegas do alumnado.

Segundo paso: Decorar o espazo

A representación visual da SAME 2026 estará centrada nun mapa de Peters, **unha proxección que mostra o mundo de xeito equitativo, onde se conservan as proporcións entre as diferentes áreas da terra**. Este mapa simbolizará un mundo colaborativo, onde a educación se mantén viva, activa e conectada máis alá das fronteiras, mesmo nos momentos máis difíciles.

Sobre o mapa haberá colocadas mensaxes curtas que expresen distintas maneiras en que a educación dixital nos conecta durante as crises. Estas zonas estarán sinaladas por pequenos wifis que representarán as redes humanas e dixitais que sosteñen a educación en contextos de emerxencia.

Ademais, o mapa inclúe un código QR que levará directamente á páxina da Campaña Mundial pola Educación (CME). Alí poderase acceder a un mapa interactivo onde poder investigar e coñecer emerxencias pasadas e presentes en distintos países do mundo.

A través del poderase clicar en cada país para **descubrir historias reais, vídeos e testemuños** de persoas e comunidades que viven o desafío de manter viva a educación en contextos de crise. Porque cada historia nos conecta e cada clic pode ser o inicio dunha acción transformadora.

Xa temos preparado o noso punto de conexión antes de recibir o alumnado e plasmar con el as reflexións traballadas na unidade didáctica. Agora só queda un último paso.



Ao longo do proxecto, cada aula realizará unha actividade reflexiva sobre a unidade didáctica traballada. A idea de principal representarase nunha figura grande de wifi, elaborada colectivamente na clase (co modelo proporcionado ou de forma creativa).

Terceiro paso: Colocar os wifis


Unha vez preparado o mapa do mundo no espazo elixido, será o momento de darlle vida coas achegas.

Cada grupo ou clase colocará os seus símbolos de wifi arredor do mapa, creando unha rede visual que represente como a educación pode permanecer activa, conectada e solidaria mesmo no medio de emerxencias e crises globais.

Cada wifi conterá unha reflexión final ou mensaxe sobre a temática da SAME 2026:

Poden incluír frases, debuxos ou palabras clave que reflictan esperanza, conexión e resiliencia. Ademais pódese elixir libremente as cores, materiais e tamaño do seu wifi, fomentando a creatividade e a expresión persoal.

¿CÓMO NOS CONECTA LA EDUCACIÓN DIGITAL EN MOMENTOS DE CRISIS?



ANEXO 1

AUTORIZACIÓN

LEMBRADE QUE para poder publicar e compartir as imaxes, vídeos ou outros materiais nos que aparece o alumnado do voso centro educativo é imprescindible contar cos permisos adecuados das súas nais/pais/titores ou representantes legais conforme coñecen que as imaxes serán difundidas pola Campaña Mundial pola Educación a través das súas redes sociais e a través das canles das entidades asociadas á campaña.

Para poder difundir e alzar as vosas voces desde as contas en redes sociais da Campaña Mundial pola Educación (Facebook, Instagram, Twitter, Flickair, a páxina web ou os medios de comunicación) dedicadas á difusión da SAME e á loita polo cumprimento do ODS 4, como meta principal, animámosvos a:

Compartir os materiais e fotos na web e/ou RRSS dos vosos centros e espazos educativos, etiquetando a CME España (debaixo a listaxe das contas da CME). Así desde a CME España poderemos darlle maior difusión e chegar a máis cidadanía.

Tamén podedes compartilos con CME España enviando o material a comunicacion@cme-espana.org. No correo electrónico pedímosvos que incluades a información básica:

• O nome de centro/espazo educativo.

• Quen participou (grao/grupo/clase).

• Data e lugar (localidade, municipio, comunidade autónoma).

Importante. No correo por favor, incluíde o seguinte parágrafo:

"[ENTIDADE], como participante das actividades realizadas no marco da Campaña Mundial pola Educación autoriza o tratamento das imaxes que se comparten a través deste correo e cede os dereitos de explotación destas ás entidades que integran a Campaña Mundial pola Educación (CME). A finalidade do tratamento é dar a coñecer ou promover a CME, así como facer difusión da imaxe, a voz e os materiais dos participantes a través de calquera dos medios ou canles de comunicación das entidades que integran a CME. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición ou outros por correo electrónico a dataprotection@educo.org e consultar a política de privacidade en https://cme-espana.org/politica-de-privacidad/. A [ENTIDADE] garante que conta cos permisos pertinentes das nais/pais/titores/representantes legais das nenas, nenos e adolescentes obxecto do tratamento de datos persoais e imaxes para a súa cesión ás entidades membro da CME".

Lin e acepto. Sinatura e selo: .....



Campaña Mundial pola
EDUCACIÓN
www.cme-espana.org

Co financiamento de:

Cooperación Española

Dirección de arte, diseño gráfico e ilustraciones: Maribel Vázquez